

Mércores, 18 de setembro de 2019

Núm. 179

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MEIS

Contratos administrativos

LICITACIÓN DE LICENZA DE TAXI

Anuncio polo que se convoca o Procedemento de adxudicación de Licenza de Taxi (Procedemento Coordinado para o Outorgamento de Licenza de Taxi e Autorización Interurbana de Taxi).

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a. Organismo: Concello de Meis.
- b. Dependencia que tramita o expediente: Alcaldía.

2. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a. Tramitación: ordinaria.
- b. Procedemento: aberto.

3. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

- a. Entidade: Concello de Meis.
- b. Domicilio: Avda. de Cambados, 67 – O Mosteiro
- c. Localidade y código postal: Meis 36637.
- d. Teléfono: 986712001.
- e. Telefax: 986715300.
- f. Páxina web: www.meis.gal. Perfil de contratante

4. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS OU DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

- a. O prazo para a presentación de ofertas será de quince días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación de este anuncio no BOP.
- b. Documentación a presentar: A que figura no prego de cláusulas administrativas.
- c. Lugar de presentación:
Entidade: Concello de Meis;
Registro Xeral: Avda. de Cambados, 67 – O Mosteiro.—36637 Meis.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:ZF07AFILHDN7BPBK



Mércores, 18 de setembro de 2019

Núm. 179

5. APERTURA DAS OFERTAS

Data: A apertura do sobre C realizarase, en acto público, na data que se sinale na páxina web do Concello.

9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta, atenderase a varios criterios de adxudicación.

CRITERIOS CUXA PONDERACIÓN DEPENDA DUN XUÍZO DE VALOR: 20 PUNTOS

1. Características do vehículo de turismo que se adscriba á praza: (marca, modelo, características ambientais do vehículo, características vinculadas á satisfacción de esixencias sociais, comodidades do vehículo, nº de prazas, prestacións, e outras melloras adicionais): Ata 15 puntos.
2. Memoria descritiva da forma de desenvolver o servizo no Concello: Ata 5 puntos.

CRITERIOS CUANTIFICABLES AUTOMATICAMENTE, PUNTUARANSE EN ORDE DECRECENTE: 70 PUNTOS

1. Antigüidade como condutor/a de taxi: 3 puntos por ano ata un máximo de 30 puntos.
2. Vehículo de turismo (que se adscriba á licenza de taxi) adaptado para ao transporte de persoas con mobilidade reducida durante o tempo mínimo de 10 anos: 20 puntos.
3. Vehículo (á que se adscriba a licenza de taxi) eléctrico ou híbrido: 20 puntos.
4. Previa adicación á profesión de taxista: 1 punto por ano ata un máximo 10 puntos.

Meis, a 30 de agosto de 2019. Asinado electronicamente.

A alcaldesa accidental,

Araceli Maqueira Laíño

